



XOSÉ CASTRO RATÓN, voceiro do **Grupo Municipal do BNG**, actuando en nome e representación do mesmo, perante o documento de Modificación do PERI do Porto de Vilagarcía de Arousa, en fase de exposición pública, quere facer constar que xa no momento de se pronunciar ó Pleno da Corporación a respecto de dar trámite á proposta de Modificación que formulara a Autoridade Portuaria, quen suscribe, actuando igoalmente en representación do Grupo Municipal do BNG, xa se posicionara radicalmente en contra da tramitación da mentada Modificación Puntual do PERI do Porto de Vilagarcía, facéndoo en razón de criterios de racionalidade, coerencia e defensa da legalidade. E que ese noso posicionamento daquela (que hoxe ratificamos, unha vez que xa se aprobou inicialmente a Modificación e se expón ó público para este mester de formulación de alegacións), en síntese, baseba e basea nos puntos que, de seguido se transcriben, en tanto que

A L E G A C I Ó N S

1ª .- A autoridade Portuaria apresentou no Concello, para a súa aprobación, unha Modificación do Plan Especial da Zona Portuaria que, aínda que nela se incluía tamén unha variación das condicións que afectan á dimensión das cafeterías no futuro parque a construír no antigo recinto de FEXDEGA (Sector S-7) –cuestión a que non lle poríamos reparo-, o que verdadeiramente constituíu o motivo do cambio (pouco máis de transcorrido un ano dende a aprobación do instrumento urbanístico citado), é o **intento de dar carta de natureza legal á pretensión xa non de se implantar en Vilagarcía un establecemento vencellado a empresa multinacional McDonal`s , senón a facelo a enteira comenencia da dita empresa.**

2ª.- Á vista desta pretensión, o BNG pronunciouse por enésima vez e con total nidieza para manifestar o seu parecer disconforme, de fondo e de forma, coa pretensión de que os portos anden a reciclárense para se converter en centros e complexos comerciais, por máis que este destino se encadre dentro da legalidade. Sabiamos e sabemos que a construción dun centro desta natureza na antiga explanada TIR viña amparado polo PERI da Zona Portuaria aprobado no mes de abril do ano 2000, e que, de certo, acaía e acae coa lexislación de Portos vixente actualmente. Pero tamén sabiamos e sabemos que ese planeamento non amparaba –alomenos de xeito completo– ás pretensión da citada empresa multinacional (como quedou patente no tratamento dado polos medios de comunicación) e velaí o intento por modificar, verdadeiramente “*a la carta*”, a legalidade aplicable.

3ª.- Tal comportamento, ao noso xuízo, supoñía e supón unha dobre discriminación para as empresas vilagarcianas. Primeiro, porque a estas últimas rara vez se lles atende nas súas pretensións, cando para desenvolver os seus negocios lles resulta precisa a modificación puntual da normativa aplicable. Segundo, porque non se estableceu para o presente caso un concurso entre todos os teóricos interesados en desenvolver unha **actividade de hostelería**, mais concretamente de **restauración** (simplemente de restauración), no dominio público portuario, séndolle adxudicado á mellor oferta, senón que se cinxíu a un **tipo moi específico de restauración**: a chamada de comida rápida (aínda que mellor habería que dicir: *comida lixo*, tal é a consideración universalmente expresada para definir a calidade e atributos gastronómicos do produto que aquí se vai comercializar). En calquera caso, temos que deixar sentado que o que pode resultar “bo” para unha determinada forma de xestionar o porto –da que discrepamos de raíz, por se basear exclusivamente nun resultado contable e non nos fins básicos para os que se construíron as infraestruturas portuarias, nomeadamente a ocupación do dominio marítimo con recheos de grandes dimensións-, non ten por que selo para os intereses do termo municipal de Vilagarcía e os da comarca do Salnés. E velaí, o rol a xogar polo noso Concello, que non ten por que dicir amén a cada iniciativa singular, moitas veces en forma de arrouxada, da Autoridade Portuaria.

4ª.- Entendíamos e entendemos, igoalmente, que unha actividade como a que se pretende amparar coa Modificación aprobada inicialmente está radicalmente en contra dos intereses económicos de Vilagarcía (por suposto tamén dos da comarca do Salnés e, en termos xerais, dos de Galicia), dado

que é apostar por un modelo que se opón á utilización da calidade como elemento sustancial da actividade económica, nomeadamente no terreo do turismo. E se isto sempre foi así, aínda o é máis agora cando esas actividades de venda do que se ven a denominar popularmente *comida de porcallada*, están en franco retroceso en todo o mundo, como pon de textemuña a propia **rebaixa nas exigencias** que demanda, actualmente, a empresa multinacional matriz para a apertura de novos establecementos franquiciados.

5ª.- De todos xeitos, pese a esa oposición de raíz ou de fondo, dende o punto de vista da estricteza legalidade urbanística, pouco poderíamos opoñer a que se montase un establecemento dese tipo dentro do complexo autorizado polo PERI no sector S-3.1.2, posto que o uso hosteleiro figura entre os amparados polo dito Plan nese Sector.

Porén, si considerabamos e seguimos a considerar que, tal como estaba e segue a estar sustanciado o expediente administrativo, ao noso xuízo, prodúcese un incumprimento da lixislación urbanística aplicable, por canto:

- a) **N**on se xustificaba de ningún xeito o incremento da edificabilidade no Sector S-3.1 (superior nun 27 % ao previsto no dito sector). Pola contra, tentábase enmascarar esa falla de xustificación cun inaudito dobremento dese Sector en dous subsectores (o S-3.1.1., que permanece igual, e o S-3.1.2, onde se autoriza máis construción). Con ese dobremento, efectivamente, se segue a permitir unha edificabilidade igual á fixada no Plan para o primeiro dos subsectores citados, e a maiores, se permite construír un edificio de 600 metros cadrados no segundo dos subsectores. E isto non se xustifica en modo algún na Memoria do documento que se está a tramitar. Estaría mal, pero aínda se podería entender que se trasladase unha parte da edificabilidade prevista na explanada TIR dalgún dos edificios previstos a outro novo (éste). Pero o incremento, de se producir como é o caso, hai que xustificalo. E se non se desexa dar a xustificación real, porque da vergoña ou por calquer outra razón, terán que inventar outra, pero algunha é necesaria, porque o feito incuestionable é que se incrementa a edificabilidade do sector en máis do 27 %.
- b) **E** iso aínda resulta máis grave se na documentación no se sinalan as medidas que (por exigencia legal) deben acompañar calquera aumento da intensidade dun uso, como o incremento proporcional

das dotacións das que fala o artigo 50,2 da Lei do Solo de Galicia (neste caso, entendemos que, alomenos, faría falla incrementar o número de prazas de aparcamento proporcionalmente ao aumento de edificabilidade).

- c) **N**ada se di sobre a conveniencia e a oportunidade de levar adiante a modificación (exixencia á que obriga a lexislación vixente; ausencia que, de certo, se prefire antes que dicir pura e sisplesmente que “así nolo pide unha empresa multinacional”, pois todos sabemos que neste caso non hai máis comenencia nen oportunidade que pregarse aos intereses da mesma. Porque non imos considerar como cumprimento de tal requisito legal a sinxela afirmación que obra na Memoria (Ponto 4, *in fine* da Memoria Xustificativa, de que coa Modificación se pretén “...completar los servicios en el área”, pois tal acción ben se podía desenvolver no complexo edificatoria previsto no Plan, tan só un ano antes. A nadie se lle escapa que McDonald’s debeu dicir que non entraba nos seus cálculos adaptarse ao recinto que se lle brindara (recinto que –non se debe esquecer– fora froito de negociacións entre Porto e Concello para levar adiante o PERI), pero pregarse a esta posición empresarial, facéndoo dese xeito tan lagarteiro, atenta contra o principio de xeneralidade e igoaldade de trato de todos os actos administrativos e, nomeadamente, das determinacións dos plans urbanísticos.
- d) **Q**ue saibamos non existe no planemento xeral vixente, nen tampouco no plan especial do porto, un uso que se chame “*Restaurante de comida rápida*”. E para nada se xustifica na Modificación do Plan Especial tal cambio na ordenanza xeral de usos. No Informe Previo emitido polo Director Xeral de Urbanismo o 31 de maio do presente ano, indícase que, en principio non se ve a necesidade de que a Moficación do Plan Especial do Porto exixa a simultánea modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía. Eazona esta afirmación no feito de non ter atopado no documento sometido a infome nada que indique tal exixencia. Nos coidamos que este pronunciamento obedece posiblemente a que o Sr. Director Xeral de Urbanismo non dera atopado ese cambio na ordenanza xeral de usos, porque tal cambio non só non se xustifica na Memoria senón que se agocha dentro dun paréntesis (restaurante de comida rápida).
- e) **A**postar por un establecemento deste tipo, neste lugar e, sobre todo, desta forma, supón, *de facto*, trastornar a estrutura orgánica do territorio, poñer en perigo un subsector económico importante de

Vilagarcía e atorar un desenvolvemento económico potencial para os próximos anos.

- f) **E**ntendemos que o Informe previo da D.X. de Urbanismo, do que se ven de facer agora mención, se emitiu sen que constasen os argumentos que vimos de reflectar non puntos anteriores. Contra o parecer dese Informe Previo, coidamos que se debe exixir fundamentación, igoaldade de trato, coerencia e racionalidade en todas as actuacións urbanísticas (por suposto, tamén as que promovan institucións de dereito público como os Portos no seu ámbito de competencia). Entendemos que informes que pasan de puntiñas sobre feitos importantes dan pe a feitos irreversibles dos que logo tanto laiamos (e diso sábese moito no porto de Vilagarcía nos últimos anos).

Por todo o anterior, insistimos novamente na necesidade de que o Concello non aprobe definitivamente esta Modificación (que mesmo se podería considerar, no que respeita a custións de fondo, como algo máis que unha modificación puntual do planeamento). E que, sensu contrario, se prantexe unha Revisión da Ordenanza de Usos do Plan Xeral de Ordenación vixente.

Vilagarcía, 30 de setembro de 2001